

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3137 *REAL DECRETO 163/2002, do 8 de febreiro, polo que se regulan os requisitos e o procedemento para a obtención, polas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, das autorizacións para a realización de actividades en materia de infraestructuras de transporte e de comunicacións. («BOE» 41, do 16-2-2002.)*

A Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, establece, no seu artigo 8.2, segundo a redacción dada polo artigo 59.dous da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a obriga do adxudicatario da concesión de constituír, no prazo e requisitos que os pregos da concesión establezan, unha sociedade anónima de nacionalidade española con quen aquela se formalizará, e que teña como fin o cumprimento do obxecto da concesión tal como se define no artigo 1 da mesma lei, así como, potestativamente, de calquera outra concesión de estradas que no futuro puidese outorgárselle en España.

Ademais do cumprimento do obxecto da concesión, que constitúe o fin primordial da sociedade concesionaria, o mesmo artigo 8.2 da Lei 8/1972 prevé que formen parte do obxecto social destas sociedades outras actividades e, en particular, o seu parágrafo terceiro admite a realización por estas, directamente ou a través de empresas filiais ou participadas, de actividades en relación a infraestructuras de transporte e de comunicacións logo de autorización administrativa, nos termos e de acordo co procedemento que regulamentariamente se determine.

Este real decreto ten por obxecto desenvolver-lo establecido no citado precepto legal, regulando os termos da autorización administrativa prevista para garanti-lo cumprimento do obxecto primordial da sociedade. Desde esta perspectiva o real decreto aborda os requisitos que deben reuni-las sociedades concesionarias de autoestradas de titularidade estatal que fagan uso da mencionada facultade e o procedemento a que deberán atermos as súas solicitudes. En particular, e de acordo co parágrafo cinco do artigo 8.2 da Lei 8/1972, regúlase a forma en que deberán levarse as contas separadas das actividades diferentes á correspondente ás concesións preexistentes.

Por outra parte, é obxecto dunha regulación específica o réxime de compartición das infraestructuras de comunicacións das autoestradas. En canto actividade de comunicacións, atópanse dentro do ámbito de aplicación deste real decreto todas aquelas actividades que exceden dos servizos necesarios para a explotación da autoestrada. Ademais, faise necesario instrumentar un procedemento específico que permita compatibilizar os dereitos de ocupación do dominio público dos titulares de licencias para instalar redes públicas de telecomunicacións coas dos concesionarios de autoestradas, en particular, cando as esixencias de protección do dominio público viario imponen a utilización compartida das infraestructuras de comunicacións existentes.

Finalmente, na tramitación do proxecto déuselles audiencia ás sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, e solicitouse igualmente o informe do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, e da ministra de Ciencia e Tecnoloxía polo que se refire

o artigo 9 e á disposición transitoria única, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e tras deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-los requisitos e o procedemento para a obtención, polas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, das que a concesión sexa competencia da Administración xeral do Estado, das autorizacións para a realización de actividades en materia de infraestructuras de transporte e de comunicacións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Requirirá autorización administrativa cada unha das actividades que as sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe vaian realizar directamente, ou a través de sociedades filiais ou participadas, en relación a infraestructuras de transporte e de comunicacións, non incluídas nos dous primeiros parágrafos do artigo 8.2 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

En particular, requirirase autorización administrativa nos termos previstos neste real decreto para a utilización da infraestructura de comunicacións existente na autoestrada pola sociedade concesionaria para fins distintos ós da propia explotación desta, a súa cesión a terceiros, así como para a modificación e ampliación da infraestructura con estas finalidades.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entenderase por sociedade filial aquela sociedade sobre a cal a sociedade concesionaria exerza unha influencia dominante, de conformidade co artigo 87 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e por sociedade participada aquela sociedade na cal a sociedade concesionaria dispoña de dereitos de capital destinados a crear unha vinculación duradeira e influír na súa actividade, presumíndose que se cumpren estas circunstancias cando se posúa, polo menos, o 20 por 100 do capital doutra sociedade, ou o 3 por 100 se esta cotiza en bolsa.

Artigo 3. *Criterios para o outorgamento da autorización.*

As autorizacións reguladas neste real decreto outorganse tendo en conta os efectos que a actividade que se vaia realizar poida ter no desenvolvemento da concesión da autoestrada de peaxe preexistente, garantindo en todo caso a converxencia e viabilidade desta.

Artigo 4. *Solicitudes de autorización e documentación preceptiva.*

Para cada concreta actividade suxeita a autorización, a sociedade concesionaria dirixiralle ó delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe a correspondente solicitude de autorización, á que se lle deberá xuntar, polo menos, a documentación xustificativa seguinte:

a) Acordo da xunta xeral polo que se modifica o obxecto social para a realización de actividades en materia de infraestructuras de transporte e de comunicacións,

ou os estatutos sociais nos que se inclúan as referidas actividades.

b) Descrición da actividade que se pretende realizar, precisando se será prestada directamente pola propia sociedade concesionaria ou por unha sociedade filial ou participada.

c) Memoria económica con expresión dos capitais propios ou alleos que se vaian utilizar para a realización da actividade para a que se solicita a autorización.

Artigo 5. *Resolución.*

1. O delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, á vista da información presentada e efectuadas as comprobacións necesarias en cada caso, dictará, por proposta do subdelegado do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, unha resolución motivada na que outorgue ou denegue a autorización, fundada en que a actividade solicitada se atopa dentro do ámbito de aplicación previsto no artigo 2 deste real decreto e de acordo cos criterios establecidos no seu artigo 3.

Esta resolución dictarase e notificarase no prazo de dous meses desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Fomento. Transcorrido o prazo indicado sen que se dictase e notificase a resolución, a solicitude de autorización entenderase estimada.

2. O procedemento poderá tamén finalizar mediante a subscrición dun convenio entre a Administración e o interesado ou interesados sobre as características do acordo ou acto suxeito a autorización, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para tal efecto, os interesados ou o subdelegado do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe poderán, en calquera momento anterior á proposta de resolución, formula-la correspondente proposta de convenio.

Se a proposta obtívase a conformidade dos interesados e do subdelegado do Goberno, será elevada por este último, con todo o actuado, ó delegado do Goberno, quen resolverá e, de se-lo caso, formalizará o convenio que, a partir de tal formalización, producirá iguais efectos que a resolución do procedemento.

3. Contra a resolución do delegado do Goberno caberá interpor recurso dealzada ante o ministro de Fomento.

Artigo 6. *Límites da autorización.*

A autorización para a ampliación das actividades a que se refire esta disposición non comportará en por si título habilitante para o efectivo exercicio das ditas actividades, o cal deberá, en todo caso, obterse a teor do réxime xurídico propio de cada unha delas.

Artigo 7. *Extinción da autorización.*

Declararase a extinción das autorizacións, logo de tramitación do correspondente procedemento, cando se incumprisen as condicións ás que estivesen subordinadas, cando a actividade autorizada xere perdas que puidesen poñer en perigo o normal desenvolvemento da concesión, cando o seu exercicio interfira na continuidade do servizo prestado pola autoestrada ou por calquera outro incumprimento do disposto neste real decreto.

Artigo 8. *Separación contable de actividades.*

A sociedade concesionaria deberá leva-la debida separación da súa contabilidade, de forma que se poida identificar calquera actividade que desenvolva diferente ás correspondentes á súa concesión inicial e que lle fose autorizada conforme o disposto neste real decreto e así poder cumprir co disposto na disposición adicional única da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 10 de decembro de 1998, pola que se aproba a adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe, túneles, pontes e outras vías de peaxe.

Artigo 9. *Uso compartido da infraestrutura de comunicacións da autoestrada.*

1. Será requisito para a aprobación pola Administración dun proxecto presentado polo concesionario para a instalación dunha infraestrutura de comunicacións cunha capacidade que exceda da necesaria para a explotación da autoestrada, a obtención, con carácter previo, da autorización prevista neste real decreto e a correspondente licenza individual para o establecemento de redes públicas de telecomunicacións, de conformidade co artigo 44 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

2. Unha vez obtidas as autorizacións mencionadas na alínea anterior, previamente á aprobación do proxecto será de aplicación o procedemento de uso compartido nos termos previstos nos artigos 47 da Lei 11/1998, e 49 do Regulamento de desenvolvemento do título III da Lei xeral de telecomunicacións, no relativo ó servizo universal de telecomunicacións, ás demais obrigas de servizo público e ás obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións, aprobado por Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, respecto a aquelas instalacións que excedan das necesarias para a explotación da autoestrada.

Disposición adicional única. *Normas supletorias.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto no Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, de adecuación á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, das normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións.

Disposición transitoria única. *Uso compartido das infraestructuras de comunicacións xa instaladas.*

1. Cando a infraestrutura de comunicacións existente na autoestrada no momento da entrada en vigor deste real decreto teña capacidade excedentaria respecto ás necesidades de explotación desta, a Dirección Xeral de Estradas, en aplicación dos criterios previstos no artigo 94 do Regulamento xeral de estradas, aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, poderá resolve-la procedencia da utilización total ou parcial desta nos procedementos de ocupación do dominio público das autoestradas nacionais de peaxe instados por titulares de licencias individuais para o establecemento de redes públicas de telecomunicacións, de conformidade co artigo 44 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

2. Nestes supostos, para determina-las condicións de uso compartido resultará de aplicación o procedemento previsto no artigo 48 e seguintes do Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo.

Se dos acordos alcanzados entre as partes en virtude deste procedemento se deriva a realización pola sociedade concesionaria correspondente dalgunha das actividades mencionadas no artigo 2 deste real decreto, a súa efectividade quedará condicionada á obtención por esta da autorización regulada nel e, se é o caso, da correspondente licencia individual para o establecemento de redes públicas de telecomunicacións, de conformidade coa Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

No mesmo suposto descrito no parágrafo anterior, se as condicións de uso compartido fosen fixadas pola Comisión de Mercado das Telecomunicacións, esta condicionará a eficacia da súa resolución á obtención polo concesionario da autorización prevista neste real decreto e, de se-lo caso, da correspondente licencia individual.

Disposición derradeira primeira. *Réxime competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias recoñecidas ó Estado no artigo 149.1.21.^a e 24.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

3285 *ORDE MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos. («BOE» 43, do 19-2-2002.)*

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, establece o réxime xurídico básico aplicable ós residuos en España e, en tal sentido, habilita o Ministerio de Medio Ambiente para publicar unha serie de medidas adoptadas polas institucións comunitarias mediante diversas decisións, como é o caso das operacións de valorización e eliminación e das listas europeas sobre residuos.

Así, no segundo parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da mencionada lei, establécese que o citado departamento publicará a lista de operacións de valorización e eliminación de residuos, aprobada mediante a Decisión 96/350/CE, o que se leva a cabo no anexo 1 desta orde, de forma tal que resulta de aplicación a todo tipo de residuos e permite unha correcta aplicación dos propios conceptos de «valorización» e «eliminación», de acordo co establecido nas alíneas k) e l) do artigo 3 da Lei 10/1998.

Do mesmo modo, no primeiro parágrafo do número 2 da mesma disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, facúltase o Ministerio de Medio Ambiente para publica-lo Catálogo Europeo de Residuos (CER) e a Lista de Residuos Perigosos, aprobados, respectivamente, polas decisións comunitarias 94/3/CE, da Comisión, do 20 de decembro, e 99/404/CE, do Consello, do 22 de decembro.

Estas decisións comunitarias foron derogadas pola Decisión 2000/532/CE, da Comisión, do 3 de maio (posteriormente modificada polas decisións da Comisión, 2001/118/CE, do 16 de xaneiro e 2001/119, do 22 de xaneiro, e pola Decisión do Consello, 2001/573, do 23 de xullo) mediante a que se aproba a Lista Europea de Residuos, que, ademais doutras modificacións, refunde as dúas listas anteriormente mencionadas nunha soa. Resulta, por tanto, pertinente proceder á publicación da mencionada Lista Europea de Residuos no anexo 2 desta orde, consonte a habilitación anteriormente mencionada.

Polo que se refire á propia consideración dos residuos como perigosos, no artigo 3.c) da Lei 10/1998 establécese que terán tal condición os que fosen cualificados como perigosos pola normativa comunitaria. Neste sentido, a Decisión 2000/532/CE identifica os residuos que teñen tal cualificación na Lista Europea de Residuos e establece os mecanismos pertinentes que resultan de aplicación para proceder á tal identificación, polo que todo isto se publica mediante esta orde ministerial, tanto no articulado como no anexo 2, nos que se realiza unha translación practicamente literal da Decisión 2000/532/CE, de acordo coa correspondente habilitación da Lei 10/1998, anteriormente mencionada.

Finalmente, na disposición derradeira segunda do Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, habilítase o ministro de Medio Ambiente para publica-las sucesivas modificacións da lista de residuos perigosos aprobada polas institucións comunitarias.

No procedemento de elaboración desta orde, que ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23 da Constitución, foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Operacións de valorización e eliminación de residuos.*

1. De conformidade co establecido no segundo parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no anexo 1 da presente orde publícanse as operacións de valorización e eliminación de residuos, establecidas mediante a Decisión 96/350/CE, da Comisión, do 24 de maio.

2. O anexo 1 da presente orde será aplicable a todos os residuos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 10/1998.

Segundo. *Lista Europea de Residuos.*

1. De conformidade co establecido no primeiro parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no anexo 2 da presente orde publícase a Lista Europea de Residuos, aprobada pola Decisión 2000/532/CE, da Comisión, do 3 de maio, modificada polas decisións da Comisión, 2001/118/CE, do 16 de xaneiro, e 2001/119, do 22